

Resolución do Tribunal designado pola Resolución do 04.11.2024, (DOG núm. 218 do 12 de novembro), que deberá cualificar o proceso de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocados pola Orde do 14.08.2024 (DOG núm. 169, do 03.09.2024)

Este Tribunal, en sesión que tivo lugar o 09.12.2024, tras examinar as alegacións presentadas, ACORDOU:

- a) Cambiar, por erro de plantilla, as seguintes respostas do cadro de respostas:

Pregunta núm. 21: a resposta correcta é a C.

Pregunta núm. 36: a resposta correcta é a A.

Pregunta núm. 42: a resposta correcta é a D.

Pregunta núm. 128: a resposta correcta é a D.

- b) Anular as preguntas 54, 61, 109, 114 e 118 do cuestionario proposto, polo que se teñen en conta as preguntas de reserva con números 121, 122, 123, 124 e 125.

- c) Desestimar todas as demais alegacións formuladas.

- d) Corrixir o exame segundo o sinalado nos apartados a), b) e c) de esta resolución.



Este Tribunal, en sesión que tivo lugar o 11.12.2024, corrixiu automaticamente as follas de respostas e consonte os resultados da corrección, o tribunal ACORDOU:

Primeiro. Aprobar como Anexo I, a listaxe de persoas aspirante que realizaron o primeiro exercicio coas cualificacións obtidas no mesmo, por orde decrecente de puntuación.

As persoas aspirantes que non figuren nestas listaxes por non presentarse á realización deste exercicio, quedan excluídas automaticamente do proceso.

Segundo. Conceder un prazo de tres (3) días hábiles, que se contarán desde a publicación desta resolución do tribunal, a efectos de alegacións as cualificacións publicadas no anexo I de esta resolución (12, 13 e 16 de decembro).

Tal e como se establece na base xeral reguladora 3.8 da convocatoria, todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Cando as alegacións se refiran a desconformidades coa cualificación outorgada indicárase claramente as preguntas concretas que a persoa interesada considera que fallou ou non contestou, para poder comprobar a procedencia ou non da alegación.

Terceiro. Remitir ao servizo de selección, coordinación e planificación da Agasp esta resolución xunto cos anexos para a súa publicación na súa páxina web e na súa sede.



Segundo o punto 5.9 da convocatoria, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso de alzada ante o Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública no prazo dun mes desde a publicación desta resolución na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública (agasp.xunta.gal), nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A Estrada, 11 de decembro de 2024

A presidenta do Tribunal

María del Carmen Rebolledo Olmedo

